DETECTANDO BARREIRAS DE ALTA PROBABILIDADE NA NOSA AULA

Utilizando unha escala de valoración de catro puntos, califica o proceso de ensinanza-aprendizaxe da túa aula, con respecto aos seguintes indicadores:

- A significa: Estase facendo ben. Hai varios puntos fortes importantes e ningunha debilidade evidente.
- B significa: Funciona bastante ben. En xeral, os puntos fortes superan aos débiles.
- C significa: Non está funcionando moi ben. En conxunto, os puntos débiles superan aos fortes.
- D significa: Hai un mal desempeño. Non hai puntos fortes evidentes e si varias debilidades importantes.

Cuestións para a reflexión:

1. **A ensinanza planifícase tendo en conta a todolos estudantes:**

• As actividades das clases teñen en conta os intereses e as experiencias dos estudantes?

• Se utilizan métodos de ensinanza variados?

• Os estudantes comprenden o propósito das actividades da lección?

2. **As clases fomentan a participación de todolos estudantes:**

• Todolos estudiantes son chamados polo seu nome?

• Hai materiais que esperten o interese dos estudantes?

• Os estudiantes senten que poden falar durante as clases?

• As lecciónns son culturalmente relevantes?

• Aléntase a nenos e a nenas a falar de forma equitativa?

3. **Os estudiantes participan activamente no seu propio aprendizaxe:**

• Incentívase aos estudantes a responsabilizarse do seu propio aprendizaxe?

• O ambiente na aula fomenta a aprendizaxe independente?

4. **Aléntase aos estudantes a que se apoien mutuamente na súa aprendizaxe:**

• A disposición das cadeiras na aula incentiva aos estudantes a interactuar?

• Agárdase que os estudantes traballen en parellas ou en grupos?

• Os estudantes axúdanse mutuamente para acadalos obxectivos das clases?

5. **Proporciónase apoio aos estudantes que mostran dificultades:**

• Os docentes están atentos aos estudantes que teñen dificultades?

• Os estudantes síntense capaces de pedir axuda?

6. **A disciplina na aula básase no respecto mutuo:**

• Existen regras establecidas para falar e escoitar en quendas?

• Senten os estudantes que as normas da aula son xustas?

• Prevénse o bullying?

7. **Os estudiantes senten que poden falar con alguén cando teñen algunha preocupación ou están descontentos:**

• Escoitanse e atenden as preocupacións dos estudantes?

• Os docentes están dispoñibles para que os estudantes falen con eles en privado?

8. **A avaliación contribúe ao desempeño de todolos estudantes:**

• Utilizan os docentes as avaliacións para estimular a aprendizaxe?

• Os estudantes reciben comentarios construtivos sobre o seu traballo?

• Axúdaselles a repasar para as probas ou exames?

• Garantizan os docentes que se respecte a diversidade, incluso dentro dun sistema de avaliación formal unificado?

Agora, deberás reflexionar sobre as siguintes preguntas:

• Cales son os puntos fortes que a nosa planificación de aula pode aproveitar?

• Cales son os principais desafíos e como se poden abordar?

• Cales deberían ser os siguintes pasos?